

Contidos para o Terceiro Curso da E.S.O.

I. Linguaxe musical

- o Repaso dos elementos básicos da linguaxe musical estudados o curso anterior (noción de pentagrama, clave, pulso, acento, compás, figuras de notas e silencios, liñas adicionais...)
- o Elementos fundamentais da música:
 - **O ritmo:** Compases binarios, ternarios e cuaternarios. Compases de subdivisión ternaria. Obstínatos.
 - **Melodía:** Motivo, frase, semifrase...
 - **Harmonía:** Textura (monodia – polifonía - melodía acompañada - homofonía). Intervalos, acordes e cadencias.
- o Signos de prolongación. A anacrusa e a síncope.
- o Signos de repetición.
- o A escala diatónica. Tipos de escalas.
- o Alteracións accidentais e propias. Enharmonías. A armadura da clave.
- o Tonalidade e modalidade.
- o Signos de expresión.
- o Lectura e escritura de ritmos, melodías e partituras como apoio para a interpretación e audición.
- o Interpretación e audición de temas musicais como fonte de análise e coñecemento da linguaxe musical.

II. As orixes da música occidental. Música monódica e polifónica

- o A música na Idade Media.
- o A música monódica: O canto Gregoriano e os trovadores.
- o A lírica Galaico-Portuguesa.
- o As orixes da polifonía.
- o A música no Renacemento.
- o A música profana e relixiosa do Renacemento.
- o Práctica vocal e instrumental de obras monódicas adecuadas ó nivel do grupo.
- o Escoita activa de obras representativas destes períodos apoiada en partituras ou outras representacións gráficas.
- o Práctica vocal, instrumental e /ou de movemento de obras renacentistas apropiadas.

III. O Barroco musical

- o A música ó servizo da relixión e da monarquía. Os músicos no Barroco.
- o A música vocal profana: as orixes da ópera. A música relixiosa (oratorio, cantata e paixón)
- o A música programática.
- o Formas instrumentais barrocas: suite, sonata, concerto.
- o Escoita activa de obras vocais e instrumentais representativas, apoiada en partituras ou outras representacións gráficas.
- o Execución, co instrumental da aula, de fragmentos de obras barrocas.
- o A improvisación como recurso á hora de interiorizar os diferentes elementos formais, técnicos e estilísticos da época.

IV. Música e músicos do Clasicismo ao Romanticismo

- o Formas instrumentais do Clasicismo: sonata, sinfonía e concerto.
- o Os músicos no Clasicismo.
- o A música sinfónica no Romanticismo: A sinfonía. A música programática no Romanticismo. O poema sinfónico.
- o A música de cámara. O piano romántico. O lied.
- o Os músicos no Romanticismo.
- o O teatro musical do Clasicismo ó Romanticismo.
- o Escoita activa de obras vocais e instrumentais representativas destes períodos, apoiada en partituras ou noutras representacións gráficas.
- o Escoita activa e visualización de fragmentos de obras representativas da evolución do teatro musical na época estudada.
- o Execución cos instrumentos da aula, de fragmentos de obras clásicas e románticas.

V. A música na sociedade contemporánea

- o Movimentos musicais no cambio de século: Impresionismo, Nacionalismo.
- o A música do século XX deica a 2ª guerra mundial: Neoclasicismo, Dodecafonismo.
- o As correntes musicais despois da 2ª guerra mundial. Incidencia das novas tecnoloxías
- o Estudio dos diferentes movementos musicais do século XX a través da análise de audicións apoiado en partituras ou noutras representacións gráficas.
- o Profundización nalgúñas correntes da segunda metade do século, por medio de pequenas creacións dirixidas, nas que se utilicen elementos distintivos deste período (diversos graos de aleatoriedade, son gravado...)

VI. Música e medios de comunicación

- o O son gravado.
- o A música no cine, radio e televisión.

VII. Actitudes, valores e normas

- o Valoración da actividade instrumental e vocal (interpretación, acompañamento, improvisación...) como fonte de aprendizaxe, diversión, relación e expresión.
- o Interese pola lectura e escritura musical.
- o Sensibilidade e capacidade crítica ante as interpretacións propias e alleas, tanto vocais como instrumentais.
- o Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación, tanto vocal como instrumental (individual e colectiva).
- o Interese polo coidado e mantemento dos instrumentos e do uso correcto da voz.
- o Apreciación e disfrute da audición de obras e espectáculos musicais e respecto polas normas que rexen o comportamento dos mesmos.
- o Concentración e respecto durante as audicións na aula.
- o Recoñecemento da danza como medio para enriquece-la percepción visual, espacial e musical e apreciación das súas posibilidades expresivas.
- o Participación con interese e creatividade nas distintas actividades individuais e colectivas dentro e fora da aula.
- o Interese por afondar no coñecemento das composicións musicais dos diferentes estilos.
- o Sensibilidade ante as obras de autores que constitúen o noso patrimonio musical.
- o Actitude crítica ante a programación de música nos medios de comunicación.